

## ANUNCIO

### RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE MESTRES/AS DE SAXOFÓN PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE AMES

De acordo coa Acta levantada polo secretario do Tribunal encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de mestres/as de saxofón para a escola municipal de música do Concello de Ames, nomeado por Decreto da Alcaldía núm. 2390/2018, de 30 de outubro, acórdase:

#### Criterios de corrección do exercicio

O segundo exercicio, tal e como figura nas bases, consistirá na interpretación dunha obra de libre elección dentro da especialidade de saxofón. Valorarase a dificultade técnica, a calidade e destreza da execución e o interese artístico do programa presentado.

Tendo en conta o anterior o Tribunal acorda establecer os seguintes **criterios de valoración**:

**Primeiro:** A valoración farase do seguinte xeito:

A dificultade técnica representará un 20% da nota, valorándose de 0 a 2 puntos

A calidade e destreza representará un 60% da nota e para a súa puntuación terase en conta os seguintes puntos:

Técnica instrumental: Valorarase de 0 a 2 puntos

Interpretación: Valorarase de 0 a 2 puntos

Estilo: Valorarase de 0 a 1 puntos

Afinación: Valorarase de 0 a 1 puntos

O interese artístico suporá un 20% da puntuación, valorándose de 0 a 2 puntos.

#### Práctica do exercicio

Ás 11:05 horas comeza o chamamento dos/as aspirantes, comparecendo os/as seguintes:

NOME	DNI
Cadaveira Martínez, Patricia María	53164616R

Ás 11:10 horas comenza o exercicio, rematando a proba ás 11:15 horas.

#### Corrección do exercicio

Unha vez rematado o exercicio, o Tribunal procede á corrección da proba segundo os criterios fixados con anterioridade a práctica do exercicio e acorda:

**Primeiro:** Asignar á aspirante as seguintes puntuacións:

NOME	Dificultade técnica	A calidade e destreza				Interese artístico	Total
		Técnica instrumental	Interpretación	Estilo	Afinación		
Cadaveira Martínez, Patricia María	1,6	1,7	1,7	0,7	0,7	1,3	7,70

## Resultados da proba

Unha vez corrixido o exercicio, o Tribunal acorda:

**Primeiro:** Declarar aprobados/as aos/ás aspirantes que de seguido se indican, coas puntuacións que así mesmo se relacionan, por ter acadado o mínimo establecido polo Tribunal para superar a proba:

<b>Aspirante</b>	<b>puntuación 2º exercicio</b>
Cadaveira Martínez, Patricia María	7,70

**Segundo:** Dar de prazo para a presentación de alegacións ao segundo exame da fase de oposición ata o día **23 de novembro de 2018**, incluído; reclamacións que poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ames, 21 de novembro de 2018  
O secretario do Tribunal,

Marcelino Portals Coto